

CEIP PLURILINGÜE DE
SEIXALBO



PLAN DE
IGUALDADE

No noso cole rexeitamos
a violencia de xénero

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.
 - 2.1. MARCO NORMATIVO.
 - 2.1.1 A NIVEL EUROPEO.
 - 2.1.2. A NIVEL ESTATAL.
 - 2.1.3. A NIVEL AUTONÓMICO.
 - 2.2. CONTEXTO DO CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN.
 - 4.1. OBXECTIVOS XERAIS A NIVEL DE CENTRO, ALUMNADO E AULA.
 - 4.2. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES.
 - 4.3. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
 - 4.4. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.
 - 4.5. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.
 - 5.1. ORGANIZACIÓN DE CENTRO.
 - 5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.
 - 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.
 - 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

5.5. RECOMENDACIÓNS EDUCATIVAS ORGANIZATIVAS EN RELACIÓN CO
XÉNERO QUE O/A MENOR SENTE COMO PROPIO.

5.6. MEDIDAS PARA A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DA COMUNIDADE
EDUCATIVA.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

7. DIFUSIÓN E COÑECEMENTO DE DITO PLAN.

7.1. REVISIÓN E MODIFICACIÓN.

7.2. PUBLICACIÓN E DIVULGACIÓN.

8. APROBACIÓN.

❖ ANEXO: PROXECTO IGUALDADE ANPA

1. INTRODUCCIÓN

O I Plan de actuacións nos centros educativos de Galicia 2016-2020 recolle que “para a igualdade “Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral.”

Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo”.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que afectan no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.

A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo.

. Como docentes temos o gran poder e privilexio de educar a mellores persoas para un mellor futuro. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e

igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un Plan de Igualdade nos centros educativos no que se recollan as medidas que se van desenvolver e ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

A educación para a igualdade só é posible cando se asenta nunha metodoloxía aberta, creativa e flexible que dea cabida a unha educación emocional que nos permita proxectar unha verdadeira escola de iguais.

Unha educación para a igualdade debe estar centrada no fomento do traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto e a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todos e todas temos dereitos ás mesmas oportunidades.

O proceso de elaboración do Plan de Igualdade que leva a cabo o CEIP Plurilingüe de Seixalbo consta de tres fases principais que se poden poñer en marcha de forma consecutiva: o diagnóstico da igualdade de xénero no centro educativo, o deseño e implementación do plan de igualdade e o seguimento e avaliación do mesmo.

As accións relacionadas coa igualdade no CEIP Plurilingüe de Seixalbo centráronse nos seguintes aspectos:

- O profesorado, que forma parte a través dos dous papeis fundamentais: como obxectos do plan de igualdade, e como suxeitos que o poñen en práctica. Participa na elaboración do plan de igualdade, na proposta de actividades e na súa posta en práctica, así como tamén é suxeito ao que vai dirixido para a súa formación e concienciación.

O consello escolar designará a unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

- A activación do protocolo e medidas de intervención para abordar condutas contrarias a convivencia por razón de xénero tal e como se recolle no Plan de Convivencia do CEIP Plurilingüe de Seixalbo, tomando como referencia o establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia, participación da comunidade e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- A concreción dos obxectivos coeducativos a través dos Plans de Centro e a súa difusión aos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización a través das reunión de inicio de curso cos titores/as e a publicación dos documentos organizativos na páxina web do colexio.

- A definición de medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero centradas nas recomendacións do protocolo, entre estas actuacións destacar:

Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar á dirección do centro. A dirección, conxuntamente co titor ou titora, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza cos representantes legais do ou da menor que abordará a situación percibida, poñéndose a disposición das familias para a

achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.

Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo, e realizado o informe psicopedagógico, a dirección do centro establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e cos seus representantes legais, se os tivese, coa xefatura do departamento de orientación e co/coa titor/a do alumno ou da alumna. Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do plan de convivencia do centro e, de acordo con estas orientacións, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor. Se algún dos representantes legais do menor non emancipado se opuxese á adopción das medidas anteriores, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.

- A concreción dos contidos dunha educación afectivo sexual integral para todo o alumnado do centro educativo recollido nas diferentes concrecións de nivel e ciclo e concretadas nas diferentes programacións de aula, entre elas destacar os obxectivos que se perseguen na etapa de educación infantil e primaria:

Educación Infantil:

Estas capacidades son:

- Adquirir os coñecementos básicos que lles permitan o contraste das súas teorías, as súas concepcións, etc. ao redor de diferentes aspectos da sexualidade humana.
- Recoñecerse como nena ou neno, asumindo positivamente a súa identidade sexual, libre de elementos de xénero discriminatorios.
- Actuar con naturalidade ante os temas sexuais, participando no diálogo sobre estes temas na escola e a familia e desenvolvendo un vocabulario preciso e non discriminatorio.
- Coñecer e utilizar algunhas normas básicas de coidado persoal e convivencia baseadas na igualdade, o respecto e a responsabilidade.

Educación Primaria:

- Coñecer o seu corpo e tomar conciencia do crecemento do mesmo, recoñecendo diferenzas co outro sexo e coas persoas adultas e desenvolvendo hábitos de coidado e benestar corporal; asumindo o seu corpo como fonte de sensacións, comunicación e pracer, así como unha identidade sexual libre de elementos de xénero discriminatorios

- Adquirir coñecementos básicos en torno á orixe das persoas, entendendo a reprodución como froito dunha decisión libre e responsable, e dentro dunha concepción da sexualidade como fonte de comunicación, pracer, afecto...

- Fomentar o xuízo crítico fronte ao consumo e a utilización sexista dos xogos e xoguetes, desenvolvendo a creatividade e a cooperación no xogo, así como o coidado dos xoguetes propios e dos demais.

- Entender que todos os traballos poden ser realizados indistintamente por persoas dun ou outro sexo, recoñecendo e valorando o traballo doméstico e fomentando a responsabilidade nos seus traballos individuais e colectivos, tanto en casa como na escola

- Identificarse como membro activo e responsable dos diferentes grupos sociais aos que pertence: familia, grupo de iguais..., entendendo estes como núcleos flexibles e variables e establecendo relacións afectivas de apoio emocional, comunicación..., nun plano de igualdade, respecto e colaboración.

➤ A presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto Educativo establecendo como valores irrenunciáveis os nosos valores éticos e profesionais que guiando en todo momento o noso labor, identifícanos como unha institución educativa seria e coherente caracterizada por:

- ✓ Coeducación e atención a diversidade.
- ✓ Respecto.
- ✓ Compromiso.
- ✓ Responsabilidade.
- ✓ Confianza.
- ✓ Solidariedade.
- ✓ Trato familiar e cordial.
- ✓ Traballo en equipo.
- ✓ Dedicación e esforzo.
- ✓ Espírito crítico.

- ✓ Gusto polo traballo ben feito.
 - ✓ Innovación.
 - ✓ Ensino de idiomas.
 - ✓ Dominio das tecnoloxías da comunicación e información.
 - ✓ Acción titorial baseado no seguimento académico e atención personalizada do alumnado.
 - ✓ Comunicación permanente, profesional e detallada coas familias.
 - ✓ Alto compromiso do profesorado baseado na profesionalidade, experiencia, dinamismo e proximidade ao alumnado.
 - ✓ Oferta de actividades culturais, deportivas e ambientais, centradas nos programas institucionais da Administración Pública Galega.
 - ✓ Contorna privilexiada con boas instalacións ao aire libre que permiten gozar dun ambiente san e relaxado.
 - ✓ Oferta de servizos que facilitan a conciliación da vida familiar e laboral centrado no comedor escolar.
- Formación en identidade de xénero, tanto ao profesorado, persoal administrativo e de servizos como ás familias.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

2.1. MARCO NORMATIVO

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto europeo como estatal como autonómico, no que se ampara. Máis alá do principio lexislativo de transversalidade, que obriga a que o obxectivo da igualdade de xénero estea presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, o lexislador asume a súa importancia estratéxica para a consecución da igualdade.

A normativa en materia de igualdade recoñécese en España na Constitución Española no artigo 9.2 e 14. Se ben neste apartado no que se recolle a normativa

establecerase en tres apartados: A nivel Europeo, a nivel estatal e autonómico incidindo nalgúns dos artigos que permiten desenvolver e fundamentar o Plan de Igualdade do CEIP Plurilingüe de Seixalbo.

2.1.1. A NIVEL EUROPEO.

Artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

No eido concreto da educación a **Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015**, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

2.1.2. A NIVEL ESTATAL.

• **Constitución Española (1978) nos artigos 9.2 e 14.**

Artigo 9.2. Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos onde se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social

Artigo 14. Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

• **Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

Preámbulo: Pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e plan de igualdade das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. Deste

xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero.

Artigo 1: Establece como principio da educación *“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.”*

Artigo 2: Dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta *“a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”*

• Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes. O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

- A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

- A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

2.1.3. A NIVEL AUTONÓMICO.

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes.

• **Artigo 4º.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, modificada pola Lei 18/2002.**

Artigo 4.2. Correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.

• **Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.**

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade.

Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

- O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

- A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

- O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

- A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e,

nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

Artigo 19: refírese á integración da igualdade na formación profesional dispoñendo: No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres".

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual” e o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, na Comunidade Autónoma de Galicia** inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

• **Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:** adica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento

de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

• I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016--2020.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia pon a coeducación e a convivencia escolar na axenda da Administración educativa para o período 2016-2020. De acordo co marco legal e coa finalidade de dar resposta aos retos que en materia de igualdade e de prevención de violencia de xénero ten o sistema educativo na actualidade, este I Plan estrutúrase en 6 eixes de actuación subdivididos en obxectivos e medidas de actuación.

- Eixe 1. O propósito deste eixe é afondar no modelo coeducativo e introducir a perspectiva de xénero nas súas dinámicas, tendo como obxectivos destacados garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos, visibilizando boas prácticas e intensificando a formación do profesorado para o tratamento da diversidade de xénero e afectivo sexual, entre outros. Estrutúrase en 5 obxectivos e comprende un total de 18 medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

- Eixe 2. Este eixe ten coma finalidade fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opción. Un dos obxectivos máis destacados é a creación dunha materia de libre configuración autonómica no ámbito da igualdade, que permite dar o primeiro paso para a abordaxe dunha estratexia coeducativa nos centros. Ademais incídese na participación dos distintos axentes sociais como apoio e complemento que permitan visibilizar a diversidade social. Estrutúrase en 6 obxectivos e comprende un total de 17 medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

- Eixe 3. Os obxectivos deste eixe están orientados a integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar, a través da formación, das Escolas de Nais e Pais e proporcionando modelos profesionais vitais e diversos que rompan cos roles de xénero e favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva. Estrutúrase en 4 obxectivos e

comprende un total de 16 medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

- Eixe 4. O eixe 4 aborda a educación dende a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, coa finalidade de acadar unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva, establecendo ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia na comunidade educativa, elaborando materiais para a abordaxe da educación afectiva e sexual e colaborando cos axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe da saúde afectivo-sexual. Estrutúrase en 3 obxectivos e comprende un total de 11 medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

- Eixe 5. O eixe 5 oríentase a como traballar nos centros educativos as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer unhas relacións positivas e pacíficas para todos os membros da comunidade, facilitando orientacións para a adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan previr e detectar condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero e realizando actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa. Estrutúrase en 4 obxectivos e comprende un total de 13 medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

- Eixe 6. No eixe 6 a finalidade fundamental é abordar a detección precoz e proporcionar unha resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e a outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc), elaborando programas coeducativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais coa fin de identificar as condutas prexudiciais, elaborando protocolos de actuación para dar resposta ás necesidades dos centros e apoiando ao alumnado vítima de violencia de xénero traballando en coordinación con servizos sociais e as institucións autonómicas correspondentes. Estrutúrase en 6 obxectivos e comprende un total de 12 medidas, algunhas das cales teñen aplicación nos diferentes obxectivos do eixe.

• Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 23. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Artigo 24. Formación do persoal docente

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena

normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

. **O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro)**, contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinalase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

2.2. CONTEXTO DO CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

O CEIP SEIXALBO construído en 1974, empezou o seu funcionamento no ano 1978, atópase situado nas aforas da cidade de Ourense a unha distancia de 3,5 km da mesma pola antiga rúa de Madrid e o carón do pobo que lle da o nome: SEIXALBO.

O centro é de titularidade pública, no que se imparten actualmente o segundo ciclo de Educación Infantil e os seis niveis de Educación Primaria. Na actualidade (curso 2019-2020) conta con 3 unidades de Educación Infantil máis nove de Educación Primaria.

En liñas xerais, o nivel sociocultural é medio ou medio-baixo xa que a procedencia de moitos deles é de pobos pouco habitados da periferia de Ourense. (Taboadela, Paderne de Allariz, San Cibrao das Viñas e Ourense) A maioría das familias teñen estudos primarios ou secundarios, sendo unha minoría os que posúen titulación superior. A poboación socialmente é bastante homoxénea, pertencente ao medio rural próximo ao Centro.

As familias caracterízanse por ter un perfil moi diverso: ao tipo tradicional únese cada día máis familias con pais separados onde un deles ostenta a custodia do fillo/a, cos que conviven tamén os avós.

A poboación está diminuindo paulatinamente durante os derradeiros anos, xa que o dinamismo empresarial é bastante escaso. En canto ás profesións predominan as de ámbito manual e asalariado, abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade son profesións liberais. É de subliñar a porcentaxe de nais que traballan nas labores de casa ou en traballos esporádicos.

Pódese afirmar que nas familias a lingua habitual é o galego, e nunha porcentaxe un pouco máis baixa o castelán.

No que atinxe á lingua vehicular usada no centro polos/as alumnos/as é maioritariamente o galego, utilizándose nas materias de lingua galega, música, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Relixión e Valores Sociais e Cívicos. A nivel de profesorado emprégase o galego nas notas oficiais e internas do colexio.

PLAN IGUALDADE
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

DATOS XERAIS DO CENTRO	
Denominación	CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO
Titularidade	PÚBLICA
Nº Código de Centro	32009301
Municipio (Localidade)	SEIXALBO (OURENSE)
Provincia	OURENSE
CP	32970
Teléfono	988-23-70-00
Enderezo	LUGAR SEIXALBO, 98
Enderezo Electrónico	ceip.seixalbo@edu.xunta.es
Páxina Web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo/

ALUMNADO DO CENTRO – CURSO 2019 - 2020												
	4º EI	5º EI	6º EI	1º	2º A	2º B	3º	4º A	4º B	5º	6º A	6º B
	13	13	11	26	14	13	23	15	13	25	19	16
	37 EI			164 EP								
Totais	201 ALUMNOS											

PERSOAL DO CENTRO CURSO 2019 - 2020											
	EI	FI	FF	EM	EF	PT	AL	EP	REL	DO	TOT
Persoal definitivo	4	2	1	1	1	1		7		1	18
Persoal provisional tempo completo						2	1	1			4
Persoal provisional tempo parcial									1		1
	4	2	1	1	1	3	1	8	1	1	23

A xornada escolar a partir do curso 2019 – 2020 sofre cambios, xa que se conseguiu a xornada única, quedando a distribución horaria do seguinte xeito:

- Xornada lectiva:
 - Entrada: 9:30 horas.
 - Saída: 14:30 horas.
- Servizo de atención temperá – madrugadores (organizado pola anpa):
 - De 7:30 horas a 9:30 horas.
- Servizo de comedor:
 - De 14:30 horas a 15:45 horas.
- Servizo de transporte:
 - Ás 15:45 horas.
- Actividades extraescolares:
 - Actividades organizadas pola anpa: de luns a venres de 15:45 horas a 17:45 horas.
 - Servizo de biblioteca escolar: luns, mércores, xoves e venres de 15:45 horas a 17:45 horas.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Consideramos que a existencia desta problemática no noso centro pode considerarse baixa ou moi baixa. Non existen apenas casos de violencia no centro, máis aló de sucesos ocasionais e excepcionais e, en ningún caso, relacionados ou motivados pola diferenza de xénero.

En caso de LGBTIfobia tampouco se aprecia un rexeitamento cara este colectivo, e a comunidade educativa mostrase na súa maioría tolerante e respectuosa.

No campo no que se poden ver maiores dificultades é no dos roles de xénero. Aínda abundan na nosa sociedade certos estereotipos relacionados cos roles que deben desempeñar as persoas en canto o xénero, que se reflicten nos comportamentos do noso alumnado e, seguramente, no noso propio, máis do que nos gustaría recoñecer.

Con todo, este plan trata de aplicar medidas e promover actuacións, non só para corrixir as condutas ou ideas preconcebidas inadecuadas, se non tamén para previr, educar e concienciar a toda a comunidade educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida con independencia do xénero e/ou a orientación sexual.

En relación á análise do centro indicar o seguinte:

COMPOSICIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA			
	Mulleres	Homes	Total
Claustro mestres	20	3	23
Consello escolar	13	1	14
PAS	5	1	6
Servizo limpeza	3	0	3
ANPA	3	3	6

ALUMNADO POR NIVEIS			
	Mulleres	Homes	Total
4º EI	1	12	13
5º EI	3	11	14
6º EI	4	7	11
1º EP	12	14	26
2º A EP	7	7	14
2º B EP	7	6	13
3º EP	14	9	23
4º A EP	6	9	15
4º B EP	7	6	13
5º EP	12	14	26
6º A EP	9	10	19
6º B EP	8	8	16

TOTAL ALUMNAS = 90

TOTAL ALUMNOS = 113

Con respecto ao centro, indicar que:

- **No Proxecto de Centro:** A linguaxe coeducativa está actualizada. No que respecta aos carteis empregados no Centro, destaca o uso da linguaxe coeducativa. As concrecións curriculares e as programacións didácticas analizáronse e utilizan unha linguaxe igualitaria.
- **No Plan de Convivencia:** No presente curso estase a actualizar o Plan de Convivencia, actualizando a súa linguaxe coeducativa e a incluírse modificacións que contemplan a detección de comportamentos de violencia de xénero.
- **Plan de orientación e Acción Titorial:** A linguaxe coeducativa está presente neste plan.
- **As NOFC do centro:** tamén están sendo elaboradas de novo e se ten en conta para a súa elaboración o uso dunha linguaxe coeducativa.
- Recoméndase incluír obxectivos e estratexias de traballo do Plan de Igualdade, propoñer actividades formativas para o profesorado en materia de igualdade de xénero e contemplar criterios de paridade nas actividades complementarias e extraescolares que se programen así como no informe de autoavaliación do centro.
- Trabállase a igualdade de xénero e loitar contra a violencia de xénero e a LGBTIfobia desde todas as áreas do currículo. Realízanse traballos cooperativos, sempre en grupos mixtos e con roles que van rotando.
- Para fomentar a igualdade no deporte na materia de Educación Física os equipos sempre son mixtos. Practícaranse xogos e deportes que o alumnado non practica habitualmente como de expresión corporal (danza, aerobio, zumba).
- Celebráranse as conmemoracións marcadas no calendario escolar tanto a nivel de aula como de centro.
- No patio de recreo detéctanse situacións na ocupación e nos xogos que se está intentando mellorar. As pistas estaban case sempre ocupadas por nenos xogando ao fútbol. Organizouse un calendario de uso de pistas, podendo xogar ao fútbol so o alumnado do curso que lle corresponde, así como hai un carro con xogos como bolos, cordas... para aqueles nenos e nenas que demandan outro tipo de xogos. Tamén hai unha zona tranquila con outro carro con libros e xogos de mesa máis tranquilos.

Tanto a zona tranquila como o carro dos xogos alternativos son utilizados por nenos e nenas indistintamente.

A nivel familiar e ANPA:

- Durante os meses de outubro e novembro se levou a cabo no centro uns talleres tanto para alumnado (realizado en horario lectivo) como para familias dentro do proxecto “Educando no feminismo”, cunha subvención outorgada á anpa do centro.
- Ademais dos obradoiros fixo unha doazón de material bibliográfico tanto para o alumnado como para a biblioteca de pais, xogos de mesa coeducativos, folletos informativos e unha pancarta situada na parede de entrada ao recinto escolar, co lema “No noso cole rexeitamos a violencia de xénero.”

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN.

4.1. OBXECTIVOS XERAIS A NIVEL DE CENTRO, ALUMNADO E AULA.

- A NIVEL DE CENTRO:
 - Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de dirección, participación e toma de decisións do centro de tal modo que se ofrezan modelos de actuación diversos, equipotentes e non estereotipados.
 - Promover a formación en coeducación, prevención de violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
 - Previr e actuar contra a violencia de xénero desde o centro escolar.
 - Promover que os libros de textos e os materiais educativos que temos nas aulas e a biblioteca do centro defendan criterios de igualdade e non discriminación, incorporando a visión e as achegas das mulleres en todos os contidos escolares e académicos.
 - Implementar a coeducación nos proxectos educativos do centro e promover a inclusión de contidos e actividades específicas, adaptados a cada ciclo, sobre o significado e alcance da igualdade entre homes e mulleres.
 - Eliminar o uso da linguaxe sexista nas dependencias e todos os recursos escritos oficiais do Centro.

- Poñer ao dispor do profesorado, familias e comunidade educativa diferentes recursos para traballar a coeducación.
- Concienciar ao profesorado, familias e comunidade educativa da importancia de educar na igualdade.
- Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade.

➤ A NIVEL DE AULA:

- Ofrecer modelos de actuación coeducativos na realización de actividades e responsabilidades escolares de homes e mulleres.
- Coñecer e poñer en práctica unha metodoloxía que propicie a igualdade e non discriminación.
- Potenciar a integración da perspectiva de xénero nas actividades deportivas.
- Elixir o material educativo e os libros de textos para a aula tendo en conta a igualdade de xénero e non discriminación.
- Incorporando a visión e as achegas das mulleres no traballo sobre todos os contidos do curso.
- Programar e planificar proxectos e tarefas centrados na coeducación.
- Potenciar o uso da linguaxe non sexista entre o profesorado e o alumnado.
- Poñer ao dispor do profesorado, familias e comunidade educativa diferentes recursos para traballar a coeducación.
- Concienciar ao profesorado, familias e comunidade educativa da importancia de educar na igualdade.
- Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade.

➤ A NIVEL DE ALUMNADO:

- Favorecer as relacións baseadas no recoñecemento e a liberdade de elección
- Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, home e mulleres, que permitan evitar e corrixir as discriminacións que daquelas derívanse.
- Fomentar o cambio das relacións de xénero formando ao alumnado na autonomía persoal

- Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferenzas e as técnicas de resolución de conflitos.
- Coñecer o consumo responsable, reflexionando sobre as mensaxes sexistas procedentes dos medios de comunicación.
- Revalorizar o traballo e os saberes que realizaron tradicionalmente as mulleres e que son básicos para o mantemento da sociedade.
- Programar e planificar proxectos e tarefas centrados na coeducación.
- Potenciar o uso da linguaxe non sexista entre o profesorado e o alumnado.
- Poñer ao dispor do profesorado, familias e comunidade educativa diferentes recursos para traballar a coeducación.
- Concienciar ao profesorado, familias e comunidade educativa da importancia de educar na igualdade.
- Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade

4.2. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Eliminar os estereotipos de xénero, educando na diversidade.
- Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas.
- Integrar de modo transversal en todas as áreas do currículo a responsabilidade co traballo doméstico aclarando que este tamén se refire ao coidado de maiores, menores e discapacitados.
- Favorecer a resolución de conflitos derivados das diferenzas de xénero, desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- Analizar reflexiva e criticamente a linguaxe, asumindo outras alternativas para o seu uso evitando a desigualdade e afrontando unha linguaxe coeducativo.
- Implicar á Comunidade Educativa no desenvolvemento do proxecto.
- Crear un clima escolar de respecto e igualdade entre o alumnado.

- Formar identidades persoais nas que o alumnado estime nas súas calidades e manteña relacións de igualdade cos demais.
- Apreciar por parte do alumnado da diversidade de xénero como fonte de riqueza nas relacións de convivencia.
- Adquirir habilidades para a solución ou xestión dos conflitos de xénero.
- Adquirir competencias polo alumnado para a análise crítica das situacións sociais nas que se producen desigualdades efectivas por razón de xénero.
- Desenvolver competencias no profesorado para a análise crítica dos prexuízos propios, e os de persoas e institucións da contorna, por razón de xénero.
- Capacitar ao profesorado para o deseño de boas prácticas escolares que eviten a desigualdade e a discriminación por razón de xénero, así como para captar as situacións familiares nas que se produza violencia ou malos tratos.
- Informar e implicar ás familias nas actividades sobre igualdade e non discriminación que se desenvolvan nos centros.

4.3. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

Como obxectivos destacar:

- Potenciar unha educación integral en valores que xere entornos seguros para todos e todas.
- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e actuar de acordo con eles.
- Ensinar a nenos e nenas a desenvolver condutas e habilidades que lles permitan vivir libres de violencia, recoñecéndoas en si mesma e noutras persoas e desenvolvendo habilidades persoais de autoprotección.
- Desenvolver estratexias de empoderamento persoal, liderazgo positivo e igualdade entre persoas.
- Concienciar ao alumnado de que a mellor solución a calquera conflito sempre será pacífica e empregando o diálogo como medio.
- Recoñecer o insulto, a ameaza e a manipulación como o principio de violencia de xénero.
- Rexeitar todo acto de violencia cara ás mulleres e cara a calquera persoa, defendendo e facer respectar os dereitos humanos.
- Sensibilizar á comunidade educativa ante a problemática dos malos tratos cara ás mulleres.
- Presentar diferentes situacións relacionadas cos malos tratos co obxecto de desenvolver no noso alumnado a empatía, para que poidan chegar a comprender o sufrimento das persoas maltratadas.

4.4. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVA-SEXUAL.

Co obxecto de facilitar o traslado de información e concienciación sobre unha situación de identidade de xénero que non coincide coa asignada no nacemento, especialmente naqueles casos nos que se produce unha transición patente para a comunidade educativa, realizaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa.

Ademais establécense as seguintes recomendacións xerais:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.

- Realizar actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e orientadoras e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.

- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.

- A través da Rede de Servizo de Formación Permanente do Profesorado facilitarase a realización de accións formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a realidade das persoas trans, segundo se establece na normativa mencionada, mediante a utilización de todos os recursos previstos no plan anual de formación do profesorado e con atención especial ás Escolas de Nais e Pais.

- Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.

- Traballar a educación emocional e de valores como base de formación da persoa que constrúe un autoconceito positivo de si mesmo e dos demais.

- Utilizar e formar na aplicación de destrezas sociais e comunicativas que permitan a resolución positiva de conflitos.

- Dar a coñecer modelos diversos de relacións positivas os distintos ámbitos (parella, laboral, amizade, familiar...)

4.5. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIfobia.

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, centradas na LGBTIfobia, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

Para a prevención destas condutas destacamos as seguintes accións

- Creación dun espazo de respecto e confianza para a atención do alumnado LGTBI do centro.
- Relación nun entorno entre iguais no que o alumnado poida intercambiar inquietudes, problemas, experiencias...
- Fomento da visibilidade da diversidade afectivo-sexual.
- Actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico.

- Promoción de actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista contra a LGTBIfobia.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUENTES ÁMBITOS.

5.1. ORGANIZACIÓN DE CENTRO.

• Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.

• Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.

• Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias). Difundiremos este plan a través da páxina web do centro, como un medio accesible para todos e respectuoso co medio ambiente.

• Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.

• Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

• Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.

• Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).

• Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.

• Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

• Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

• Como posibles actividades a desenvolver, destacar entre outras:

- Plan Director.
- Obradoiro “Educando no Feminismo” (Octubre-Novembro)
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero. (25 de Novembro)
- Día Internacional das Persoas con Discapacidade. (3 de Decembro)
- Día da Non Violencia e da Paz. (30 de Xaneiro)

- Día Internacional da Muller. (8 de Marzo)
- Día Internacional contra o Acoso Escolar. (2 de Maio)
- Día pola Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas. (Día Internacional contra LGTBIfobia = 17 de Maio)

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades). Solicítase ao profesorado e a toda a comunidade educativa que informe de calquera aspecto que supoña un estereotipo de xénero.

- Realizar actividades de sensibilización na aula. Dentro das normas de cada titoría e dentro dos contidos transversais relacionados co respecto aos compañeiros, farase fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.

- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

- Cando sexa posible, aproveitaranse as actividades curriculares para reflexionar sobre os estereotipos na sociedade.

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Difundir información a través dun taboleiro e web do centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, adquirindo títulos con contidos coeducativos.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro. O profesorado do centro procurará que os contidos audiovisuais utilizado nas actividades do centro respecten a igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión, procurando organizar o patio para favorecer a inclusión e xogos inclusivos.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes. Entre as normas de comportamento do centro incídese no respecto entre todas as persoas.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero. Dentro do respecto a diversidade incídese e na necesidade de respectar as diferentes características de todas as persoas xa sexan por razón de raza, xénero, diversidade sexual, capacidades...
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

5.5. RECOMENDACIÓNS EDUCATIVAS E ORGANIZATIVAS EN RELACIÓN CO XÉNERO QUE O/A MENOR SENTE COMO PROPIO.

Con independencia de todas aquelas medidas e actuacións que se deriven da avaliación psicopedagóxica e da coordinación mencionada, establécense as seguintes recomendacións xerais:

- De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.
- A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.
- Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado cando existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.
- Garantírase o seu dereito a elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio, incluídos os uniformes escolares, se procede.
- Garantírase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- En todo o proceso actuarase de acordo co dereito á privacidade e honra do estudiantado e de todos os membros da comunidade educativa.

- Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme ao sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevivir, estarase ao acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

5.6. MEDIDAS PARA A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Co obxecto de facilitar o traslado de información e concienciación sobre unha situación de identidade de xénero que non coincide coa asignada no nacemento, especialmente naqueles casos nos que se produce unha transición patente para a comunidade educativa, realizaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa.

Ademais establécense as seguintes recomendacións xerais:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Realizar actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e orientadoras e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade

sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.

- A través da Rede de Servizo de Formación Permanente do Profesorado facilitarase a realización de accións formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a realidade das persoas trans, segundo se establece na normativa mencionada, mediante a utilización de todos os recursos previstos no plan anual de formación do profesorado e con atención especial ás Escolas de Nais e Pais.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este plan é un documento dinámico que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua do cumprimento dos obxectivos do plan, para poder axustar e engadir novas actuacións ou retirar algunha que non se poida levar a cabo.

Ao final de curso realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos a través dos seguintes indicadores:

- Respecto da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - Promoveuse o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.
 - Fomentouse a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza...
 - Educouse para a responsabilidade doméstica e de coidado das persoas.
 - Conseguiuse contrarrestar os estereotipos de dominación e dependencia.
 - Promoveuse a autonomía persoal.
 - Promoveuse a igualdade no deporte e na actividade física.
 - Incluíuse a igualdade nos plans de formación do profesorado.
- Respecto da prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - Educouse na prevención da violencia de xénero.
 - Visualizouse con exemplos concretos pequenas actitudes ou comentarios, que supoñen unha violencia contra as mulleres.
 - Educouse na detección de posibles casos de abuso.

- Déronse pautas sobre como actuar tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.
- Respecto da promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - Educouse sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.
 - Respecto da prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.
 - Implantáronse pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

7. DIFUSIÓN E COÑECEMENTO DO PLAN DE IGUALDADE.

7.1. REVISIÓN E MODIFICACIÓN.

O presente Plan de Igualdade é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro.

Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptalo as novas circunstancias ou a modificacións lexislativas.

Estará sempre supeditado á lexislación vixente e terá unha vixencia plurianual, sendo susceptible de perfeccionamento ou mellora que o constitúan ou concorran algunhas das seguintes causas:

- Cambio de normativa legal na que se fundamenta.

7.2. PUBLICACIÓN E DIVULGACIÓN.

O CEIP Plurilingüe de Seixalbo publicará e divulgará este documento por diferentes medios á comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos/as, debendo ser coñecido por todos os membros da Comunidade Educativa.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo polas seguintes canles:

- Depósito de copias na Dirección e Secretaría a disposición de calquera interesado/a que forme parte da comunidade educativa ou algún outro, segundo o criterio da Dirección do centro.
- Publicación na páxina web do centro.

8. APROBACIÓN.

O presente Plan de Igualdade foi presentado ao Claustro de mestres e aprobado por unanimidade dos membros. O mesmo día foi presentado ao Consello Escolar do CEIP Plurlingüe de Seixalbo na reunión que tivo lugar o

Visto e Prace

A directora

A secretaria

Asdo: María José Feijóo Álvarez

Asdo: María del Carmen Silva Iglesias

ANEXO PROXECTO ANPA

PROXECTO EDUCANDO NO FEMINISMO ANPA DO CEIP SEIXALBO

POR QUE EDUCAR NO FEMINISMO

A familia é o mellor contexto para acompañar á persoa no seu tránsito polos cambios que implica necesariamente a vida. Educar no feminismo é educar en igualdade e todo o que non sexa educar en igualdade, é educar no machismo e no sexismo.

Debemos facer autocrítica e analizar que está a facer mal esta sociedade para que os nosos homes sexan os responsables das violacións en masa, das agresións sexuais, do acoso, dos malos tratos e da violencia machista. Temos que tomar conciencia e pasar a acción porque se non educamos ás nosas crianzas no feminismo, xamais reconduciremos esta situación inxusta e continuaranse perpetuando as desigualdades.

Que os nenos e os homes sexan libres de sentir e de ser como queiran ser, alleos á presión que a sociedade exerce sobre eles para que cumpran as expectativas, tamén se chama ser feminista.

Por eso cremos necesario visibilizar esta realidade e poder ofrecer ferramentas ás familias e persoas docentes para afrontar o reto de acadar un mundo máis igualitario. É necesaria unha deconstrución previa da persoa que vai educar, cuestionar a sociedade e desaprender moitas cousas que se interiorizan dende a infancia.

OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento integral das crianzas así como das súas familias.
- Recoñecer as dificultades que se presentan na familia e buscar conxuntamente unha estratexia para afrontar eses desafíos.
- Proporcionar información ás familias sobre o desenvolvemento evolutivo das crianzas.
- Incrementar os coñecementos e habilidades para o coidado e educación das crianzas.
- Concienciar sobre a desigualdade en que se educa a mozos e mozas adestrando en técnicas para identificar estereotipos sexistas.
- Ofrecer un espazo de reflexión onde poidan expresar as súa preocupacións e

experiencias persoais.

- Visibilizar as conductas sexistas existentes na sociedade.
- Analizar a percepción que a mocidade ten sobre éstas.
- Proporcionar ferramentas para a detección e deconstrución destas conductas machistas.
- Favorecer pensamentos desde a perspectiva feminista entre as persoas participantes.
- Motivar o cambio de crenzas e valores interiorizados sobre a base dunha falsa masculinidade e feminidade que pode xerar conflitos en nós e nós mesmos así como en relación co resto da sociedade.
- Tomar conciencia do risco no que se atopan de exercer ou padecer malos tratos nas súas futuras relacións de parella a consecuencia do machismo que se segue interiorizando.
- Sensibilizar á mocidade sobre a problemática do ciber acoso para poder identificar as conductas que implican acoso e violencia contra as mulleres e dar ferramentas para loitar contra o ciberbullying.

ACTIVIDADES

Partindo das situacións cotiás e das dinámicas de funcionamento do grupo familiar, na Escola de Familias propíciáanse momentos de reflexión identificando e analizando as diferentes etapas que cumpre unha familia, promóvese a comunicación entre os integrantes e coa contorna da comunidade educativa, identifícanse as situacións problemáticas que se crean no interior do núcleo familiar tendo en conta os distintos roles e funcións... en definitiva unha Escola de Familias é un dos mellores medios para mellorar a calidade educativa da estrutura familiar.

XORNADA DE APERTURA

Xornada de coñecemento do proxecto e da comunidade educativa, destinada a crear un espazo reflexión, dirixida a docentes, educadora/es, familias ou calqueira outra persoa do centro educativo interesada, que pretende por enriba da mesa a importancia de educar dende a familia e dende a escola con perspectiva de xénero para poder conquistar a meta de construír unha sociedade máis xusta par todas as persoas.

Máis concretamente na xornada abordaremos as seguintes cuestións:

- Analizaremos conceptos básicos como sexo, xénero, patriarcado, machismo, feminismo... que nos axudarán a poder aclarar e centrar o tema.
- Fundamentaremos o por que é importante educar ás nosas crianzas no feminismo.
- Trataremos de dar unha serie de ferramentas a familias e docentes de como facelo.
- Poremos enriba da mesa a importancia de educar aos nenos nas novas masculinidades e de como o podemos levar a cabo.

ESCOLA DE FAMILIAS

A actividade terá dúas liñas de actuación que se desenvolverán de xeito paralelo e coordinado.

Por unha banda se levarán a cabo obradoiros específicos sobre as cuestións que as propias familias consideren como prioritarias e que teñan que ver con cuestións como estilos educativos, autoestima nas crianzas, habilidades de comunicación, intelixencia emocional, como construímos as nosas relacións. Etc.

E doutra banda se plantexa a creación dun Grupo de Axuda Mútua, os Grupos de Axuda Mutua (GAM) son un fenómeno social relativamente recente que nos posibilitan acceder a vías para a expresión emocional, o intercambio de afectos, á aprendizaxe por medio de compartir experiencias e ás relacións sociais de calidade.

As 6 sesións formativas serán de dúas horas para pais e nais nas que se profundizará nos seguintes aspectos:

- Aclarar conceptos relacionados coa perspectiva de xénero.
- Detectar dinámicas e conductas machistas.
- Introducir o feminismo na crianza e educación.
- Analizar os beneficios dunha educación feminista.
- Cuestionar os roles e estereotipo de xénero.
- Introducir o concepto de novas masculinidades.
- Facilitar as ferramentas para que docentes e familias poidan educar con perspectiva de xénero.

OBRADOIROS PARA CRIANZAS

OBRADOIRO PARA INFANTIL E PARA PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

O obradoiro para peques será inicialmente de entre 50min e 90min en función da participación, nivel de atención, motivación e como se vaian desenvolvendo as distintas dinámicas. Traballarase a través de dúas dinámicas, plantexando a actividade como un xogo:

- ✓ **Rachando Brechas:** Pediráselles a 2 nenos e 2 nenas voluntarias que clasifiquen pelotas por cores en caixas, mentres o resto da clase observará. Realizada a tarefa, reforzarase positivamente o esforzo das participantes e entregaráselles unha bolsa de gominolas a cada unha, pero a que se da ós nenos será maior que a que se da ás nenas. Observaremos a reacción tanto dos nenos como das nenas que realizaron a tarefa, así como das persoas espectadoras. A través de preguntas fomentaremos a reflexión e o debate, dando lugar a unha breve explicación sobre a situación actual da desigual remuneración entre homes e mulleres analizando este fenómeno da brecha salarial máis polo miúdo incluíndo outros como o teito de cristal, a feminización da pobreza, etc.
- ✓ **Como unha nena:** Colocamos ó alumnado en círculo e pedimos persoas voluntarias para saír ó centro. A continuación cumprirán unha serie de accións, desempeñandoas primeiro coma un neno e logo coma unha nena: corre, ri, chora, pelexa, xoga... Unha vez feito, analizaremos conceptos e seguiremos con preguntas que promovan a reflexión e o cuestionamento destes patróns estereotipados de xénero abrindo o debate. Como apoio á parte reflexiva da actividade, empregaremos fotografías de mulleres e homes realizando as accións anteriores libres de prexuízos existentes.

OBRADOIRO PARA 2º CICLO DE PRIMARIA

Obradoiro a ver se me aclaro, diccionario de Igualdade

Consideramos fundamental para poder debater, reflexionar, intercambiar, coñecer, opinar con fundamento e para construír un mundo igualitario temos que aclarar estes conceptos

xa que o feito de que os interpretemos dun ou doutro xeito nos predispón, nos limita, nos manipula, nos coacciona, nos fai crear estereotipos e actitudes favorables ou non ante determinadas realidades. Polo tanto este obradoiro consistiría en traballar certos conceptos que nos permitirán por unha banda palpar o prexuízos en torno á igualdade, debater sobre eles e por outra banda aclaralos para que a conceptualización destes termos xere unha transformación de actitudes, conductas e accións.

O obradoiro Dicionario de Igualdade terá 90 minutos de duración que consistiría en traballar cas mozas e mozos certos conceptos que nos permitirán por unha banda palpar o prexuízos en torno á igualdade, debater sobre eles e por outra banda aclaralos para que a conceptualización destes termos xere unha transformación de actitudes, conductas e accións. Iniciarase o obradoiro coa dinámica “Como unha nena”.

Obradoiro Rastrexando o Machismo: O Machistómetro

Os estudos sinalan que as mozas perciben máis as desigualdades. Teñen unha percepción máis vivencial da discriminación por razón de sexo. A non percepción desta discriminación, que segue a existir, pode chegar a converterse nun factor de risco para o desenvolvemento de relacións desequilibradas, que son caldo de cultivo para a violencia de xénero.

A través deste obradoiro trataremos de reflexionar sobre certas cuestións que nun principio nos axuden a visibilizar estas conductas sexistas, a cuestionalas e o máis importante a transformalas. Para isto empregaremos una dinámica que chamaremos “Feministómetro o machistómetro” que consistirá nun panel previamente elaborado i estruturado en tres zonas (amarelo, laranxa e vermello), as persoas participantes clasificarán diferentes afirmacións machistas presentes na sociedade, sendo o apartado amarelo as afirmacións máis sutís e o vermello as máis obvias e visibles. Puntualizarase que por estar na zona amarela as afirmacións non son menos graves, senón que pasan máis desapercibidas no noso día a día. Inicialmente facilitaranse as frases, pero haberá a posibilidade de que as persoas participantes aporten algunhas novas que detecten no seu entorno.

OBRADOIROS PARA 3º CICLO DE PRIMARIA

Obradoiro a ver se me aclaro, diccionario de

Igualdade Obradoiro Rastrexando o Machismo: O

Machistómetro Obradoiro Desmontando Mitos

Construíndo Igualdade

Para entender as situacións de violencia na parella convén comprender e reflexionar sobre a construción da identidade de xénero cimentada sobre os estereotipos tradicionais e sobre o mito do amor romántico tan presente na nosa sociedade, na nosa cultura e no noso imaxinario colectivo.

A complementariedade e a fusión, trazos máis característicos do amor romántico, implican unha entrega incondicional nesta relación “ideal” de namoramento facendo desaparecer os desexos, intereses e necesidades, especialmente, das mulleres. Por outra banda, a fusión, ás veces tan desexada a un nivel moi primario, nega as diferenzas e as relacións de poder e é aquí onde pode aparecer a violencia. As crianzas coñecen o discurso da “non violencia” e de como se debe actuar, máis ó observar como vivimos as relacións sentimentais na mocidade, en xeral pódese concluír que non poñemos en práctica esa teoría.

É fundamental ofrecer ferramentas ós e ás mozas para poder incorporar a sexualidade dunha forma sana e ofrecer claves para que definan as súas relacións en base a criterios de benestar, calidade, gozar, seguridade, igualdade e respecto, e non na xa denominada “cultura do porno” que se está a impor.

Neste obradorio é fundamental ofrecer á mocidade esas outras formas de relacionarse libres de opresión, de posesión, de control, de roles de submisión, así unha parte fundamental será analizar eses modelos de relacións para ter claro cales resultarían tóxicas para o noso desenvolvemento integral.

Ciberbulling con perspectiva de xénero “Violencia 2.0”

A violencia entre iguais é un fenómeno en expansión e estase a incrementar a poboación xove que recoñece ser vítima de ciberacoso, tamén pola anticipación na idade de comezo

do uso das novas tecnoloxías. Co seu avance o acoso ten un maior alcance, facendo que aumente a vulnerabilidade da persoa acosada.

Para unha boa prevención é necesario que se coñeza o ciberbullying, qué é, que efectos produce e cómo combatelo. E sobre todo concienciar ás crianzas dos graves problemas e consecuencias que provoca o uso irresponsable da rede, tanto na persoa acosada coma na acosadora, xa que a particularidade do acoso virtual reside no anonimato, na inmediatez, facilidade e dispoñibilidade para facer dano, a falta de percepción directa do dano causado e a enorme difusión.

Existe tamén unha clara desigualdade por xénero, xa que o 70% das vítimas de ciberbullying son mulleres e nas redes sociais perpetúanse os roles de xénero e o machismo. Ademais as mulleres expóñense máis¹⁹ nas redes en canto a relacións afectivas, emocións, preferencias, maior cantidade de fotos, o que aumenta a súa vulnerabilidade. Este aspecto é moi preocupante xa que a mocidade, que é a que máis uso fai das redes, aínda está construíndo a súa identidade e normaliza conductas acosadoras, cegando a identificar a violencia de xénero soamente cando hai agresións físicas ou verbais, pero non cando hai acoso por parte de contactos non desexados, descoñecidos ou envío de contido sexual molesto, control por parte da parella dos dispositivos e exixencia de resposta inmediata, ou difusión de contido persoal sen consentimento.

Con este obradoiro preténdese expor os aspectos clave para entender o ciber acoso, como afecta especialmente ás mulleres, e dar ferramentas para poder identificalo e afrontalo, sensibilizar en canto ao sexismo nas redes para que a mocidade sepa detectar os roles de xénero e poida desenvolver axeitadamente a súa identidade.

CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE

Con motivo do 25 de novembro de 2019 realizaranse actuacións por clases de cancións feitas polo alumnado, que tratarán a temática da loita contra a violencia de xénero. As letras das cancións iranse traballando en horario lectivo nos meses de outubro e novembro con apoio do persoal docente.

ELABORACIÓN DE MATERIAIS INFORMATIVOS E DE DIFUSIÓN

Realizarase o deseño e imprenta de dípticos informativos e formativos sobre os tipos de violencia existentes, así como unha montaxe audiovisual recopilatoria de todo o proxecto para darlle difusión nas redes sociais e a web.

CRONOGRAMA E LUGAR DE REALIZACIÓN

As actividades realizaranse nas instalacións do CEIP entre o de outubro de 2019 ó 30 de novembro de 2019.

Os recursos materiais para o proxecto serán as instalacións do CEIP e todo o equipamento do que dispón (mesas, cadeiras, ordenadores, proxector...).

RECURSOS HUMANOS

Xunta directiva da ANPA.

Equipo docente do CEIP.

Profesionais que ofertaran os servizos a través de contratación mercantil:

o Traballadora social con formación específica en igualdade e mediación en conflitos para impartir os obradoiros.

o Psicóloga con formación específica en igualdade e xestión emocional para impartir os obradoiros.

o Traballadora social con formación específica en dinamización social e igualdade para coordinar e apoiar no deseño e na dinamización das actividades de difusión e na elaboración de materiais.

NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS PARTICIPANTES

Estímase a participación nos obradoiros de todo o alumnado un total de 200 crianzas.

Na xornada de apertura previse a participación de 250 persoas e na escola de familias dunhas 50 familias.

Será contemplada como unha actuación máis, transversal e constante en tódalas accións a desenvolver. A partir do seguimento se poderá mellorar os procedementos, reaxustar os obxectivos, establecer medidas correctoras e identificar os mellores métodos e actividades formativas e de coordinación.

En relación ós instrumentos, para a avaliación pódese dispor dos resultados directos obtidos a través da observación e dos cuestionarios deseñados ó efecto que se pasarán en cada obradoiro.

Por outra banda, utilizaremos indicadores cuantitativos, obxectivos e controlables a corto e a medio prazo que permitan avaliar a eficacia e a eficiencia, comparando os resultados previstos e os reais desagregados por sexos i idade:

Nº de persoas que participan activamente no proxecto.

Nº de persoas participantes na xornada de apertura.

Nº de alumnos e alumnas que participa activamente preparando.

Nº de persoas que participan activamente nos obradoiros

Tamén se realizará unha avaliación de carácter cualitativo a través de grupos de discusión coas persoas participantes nos obradoiros e co equipo docente do CEIP, avaliando a satisfacción das persoas coa marcha e o resultado das actividades.

